

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE XULLO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Daniel Mallo Castro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas do día trece de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez e o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DOS SEGUINTE ASUNTOS A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía do día da data pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

(.../...)

«A urxencia desta convocatoria vén motivada, polo que respecta ao punto 2º da orde do día pola necesidade de contar, canto antes, co servizo de socorrismo na piscina municipal Os Castros do Bosque; polo que respecta aos puntos 3º e 4º pola necesidade de ter adjudicados os respectivos contratos antes da realización da prestación que comeza o día 15 de xullo de 2022; e en canto ao punto 5º, pola necesidade de ter formalizado o contrato con anterioridade ao comezo da prestación e a necesidade de respectar previamente o prazo legalmente establecido ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.»

(.../...)

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, acorda a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar.

2º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE “MANTEMENTO E SOCORRISMO DA PISCINA MUNICIPAL OS CASTROS DO BOSQUE”. EXPEDIENTE NÚM.: 2022/C004/000022

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xullo de 2022 (CVD: CASvYrZbl6sbWpj8BYcF), relativa á adxudicación do expediente núm. 2022/C004/000022 de “Mantemento e socorrismo da piscina municipal Os Castros do Bosque”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000022 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do servizo de “Mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque”, cun valor estimado de 51.577,32 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 31.258,98 euros sen IVE, 37.823,36 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente expediente, de data 30 de xuño de 2022, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol de “Hebe Sport, S.L.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para presentar a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, éste achegou toda a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral con data 13 de xullo de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización con número 301/2022 emitido polo interventor municipal con data 13 de xullo de 2022.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

Esproade, S.L.
Hebe Sport, S.L.
Viraxes, S.L.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 30 de xuño de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos no procedemento, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 12 do PCAP, (oferta económica, porcentaxe de persoal fixo -a xornada completa e a tempo parcial-, dispoñibilidade de persoal de mantemento ante calquera incidencia e dispoñibilidade de teléfono móbil da empresa):

EMPRESA	PREZO SEN IVE	PUNTOS	PERSOAL FIXO XORNADA COMPLETA	PUNTOS	PERSOAL FIXO TEMPO PARCIAL	PUNTOS
ESPROADE SL	27.045,00 €	55	20,67 %	8,48	59,33 %	4,45
HEBE SPORT SL	28.417,25 €	52,34	36,58 %	15	48,78 %	3,66
VIRAXES SL	31.000,00 €	47,98	33,33 %	13,67	66,66 %	5,00

DISPONIBIL. INCIDENCIAS	PUNTOS	TELÉFONO MÓVIL	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOAL
De lunes a domingo	10	SI	10	87,93
De lunes a domingo	10	SI	10	91,00
De lunes a domingo	10	SI	10	86,65

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada con data 30 de xuño de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación das ofertas admitidas:

ORDE	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Hebe Sport, SL	91,00
2º	Esproade, SL	87,93
3º	Viraxes, SL	86,65

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 30 de xuño de 2022, adjudicar o contrato de "Mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque" a prol do licitador "Hebe Sport, S.L." no prezo ofertado para os dous anos do contrato de 28.417,25€ euros sen IVE, 34.384,87€ euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación establecidos na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada, nas porcentaxes de persoal fixo -a xornada completa 36,58% e a tempo parcial 48,78% segundo a oferta presentada-, na dispoñibilidade de persoal de mantemento ante calquera incidencia que se poida producir para acudir á instalación proposta -de luns a domingo- e a dispoñibilidade de teléfono móbil da empresa para o servizo de mantemento durante o prazo de apertura da instalación para atención de incidencias de luns a domingo de 8:00h a 23:59 h.

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Sexto: Que se designe polo órgano de contratación ao/a responsable do contrato, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notificar ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data data 13 de xullo de 2022 (CVD: CASvYrZbl6sbWpj8BycF) resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECREACIÓN HISTÓRICA CASTREXA PARA A ORGANIZACIÓN DA V ROMARÍA GALAICO-ROMANA "GALAICOI". EXPEDIENTE NÚM.: 2022/C002/000090

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xullo de 2022 (CVD: JGGt00CVAmDHIEW1xeBE), relativa á adxudicación do expediente núm. 2022/C002/000090 de "contratación dos servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico-romana "Galaicoi" , que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 27/06/2022 asínase polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local a memoria valorada para a contratación dos servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico – romana “Galaicoi” do Concello de Cambre consistentes na realización de dramatizacións, demostracións, escenificacións, desfiles e na exposición de diverso material castreño”, cun orzamento base de licitación de 7.000,00 € (actividade exenta de IVA en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Impuesto sobre o Valor Engadido), para a súa execución os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022. Con data 29/06/2022 o mesmo funcionario asina as especificacións aplicables a dita contratación.

Con data 29 de xuño de 2020 emítiuse proposta - informe de necesidade asinado polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local, o alcalde e a concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos para a contratación dos servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico – romana “Galaicoi” (15, 16 e 17 de xullo de 2022), no que se motiva a necesidade da contratación para dar *“cumprimento aos obxectivos de contar con actividades de recreación e animación da época castrexa o mais fidedignas posibles, acordes co período galaico e romano que se pretende lograr coa realización das actividades da romaría “Galaicoi” durante os días do seu desenvolvemento, contribuíndo esta contratación a acrecentar oferta lúdico - cultural e a posta en valor do patrimonio do Concello, particularmente do espazo do Castromaior e á creación dun produto turístico equilibrado baseado no cuatrinomio cultura - patrimonio - lecer - reversión social. Por esta razón é preciso recorrer á contratación dunha entidade que conte con experiencia contrastada na produción e realización deste tipo de recreacións históricas, que precisan mobilizar diferentes recursos como son os recreadores, o vestiario, os equipamentos, as pallozas da época, etc”*.

En dito informe xustifícase a elección do procedemento como contrato menor con invitación directa a unha única entidade na declaración de deserto do Lote 7 correspondente ao contrato mixto de servizos e subministracións para a organización da V Romaría galaico-romana “Galaicoi” (exp. 2022/C004/000024) ao non presentarse ningunha proposición para o mencionado lote, referido á recreación histórica, e despois de tramitado contrato menor, cursando invitación a cinco entidades, sen que ningunha presentara oferta.

Con data 24/03/2022 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente (22.000 euros) na aplicación orzamentaria 430.22612 (Certámenes e festivais de turismo) baixo o epígrafe “RC aportación municipal Galaicoi”. Con data 5/05/2022 emítese novo documento de retención de crédito (60.000 euros) con cargo á mesma aplicación orzamentaria e baixo o epígrafe “RC complementario Galaicoi”.

Con data 6/07/2022 emítese informe conxunto polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local e pola coordinadora da ADL, no que consta que foi invitada a participar na presente licitación a **Asociación de Recreación Histórica A Castronela**, que presentou a seguinte oferta:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Asociacion de Recreación Histórica A Castronela	7.000,00 €	7.000,00 €

formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente aos Servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico – romana “Galaicoi” (15, 16 e 17 de xullo de 2022) á Asociación de Recreación Histórica A Castronela, con domicilio en Ramelle nº 3, 27229 Friol (Lugo), CIF G - 27469956, no prezo ofertado de 7.000,00 € (actividade exenta de IVE en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido) por ser a entidade que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral de data 12 de xullo de 2022 contrario á tramitación do expediente, e mailo informe de fiscalización nº 300/2022 – REPARO 91 R emitido polo interventor municipal con data do 12 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con data 13 de xullo de 2022. Tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1295/2022 de 13 de xullo, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias do Concello en materia de información e promoción da actividade turística de interese e eido local e na promoción do deporte e ocupación do tempo de lecer, así como na promoción da cultura, de conformidade co estipulado no artigo 25.2. h), l) y m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1 da LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada e o documento de especificacións aplicables á contratación dos servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico - romana "Galaicoi", cun importe de licitación de 7.000,00 € (exenta de IVE, en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), xunto coa necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2022 430 22612.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000090 do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato para a os "Servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico-romana "Galaicoi" (15, 16 e 17 de xulo de 2022)" á **Asociación de Recreación Histórica A Castronela**, con CIF G27469956 e domicilio en Ramelle nº 3, 27229 Friol (Lugo), no prezo ofertado de 7.000,00 € (actividade exenta de IVE en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), por ser a única entidade que presentou oferta, atendendo ao único criterio de valoración establecido, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, José Luis González Cardalda, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, José Luis González Cardalda, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xullo de 2022 (CVD: JGGt00CVAmDHiEW1xeBE), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECREACIÓN HISTÓRICA DA VIDA MILITAR ROMANA PARA A ORGANIZACIÓN DA V ROMARÍA GALAICO-ROMANA “GALAICOI”. EXPEDIENTE NÚM.: 2022/C002/000092

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xullo de 2022 (CVD: 48/THrzyD5WcyOJ07mqx), relativa á adxudicación do expediente núm. 2022/C002/000092 de “contratación dos servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico-romana “Galaicoi””, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 27/06/2022 asínase polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal a memoria valorada para a contratación dos servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico – romana “Galaicoi” do Concello de Cambre consistentes na realización de dramatizacións, demostracións, escenificacións, desfiles e na exposición de diverso material castreño, cun

orçamento base de licitación de 7.000,00 € (actividade exenta de IVE en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Impuesto sobre o Valor Engadido), para a súa execución os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022. Con data 28/06/2022 o mesmo funcionario asina as especificacións aplicables a dita contratación.

Con data 29 de xuño de 2020 emítiuse proposta - informe de necesidade asinado polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local, o alcalde e a concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos para a contratación dos servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico – romana “Galaicoi” (15, 16 e 17 de xullo de 2022), no que se motiva a necesidade da contratación para dar *“cumprimento aos obxectivos de contar con actividades de recreación e animación da época castrexa o mais fidedignas posibles, acordes co período galaico e romano que se pretende lograr coa realización das actividades da romaría “Galaicoi” durante os días do seu desenvolvemento, contribuíndo esta contratación a acrecentar oferta lúdico - cultural e a posta en valor do patrimonio do Concello, particularmente do espazo do Castromaior e á creación dun produto turístico equilibrado baseado no cuatrinomio cultura - patrimonio - lecer - reversión social. Por esta razón é preciso recorrer á contratación dunha entidade que conte con experiencia contrastada na produción e realización deste tipo de recreacións históricas, que precisan mobilizar diferentes recursos como son os recreadores, o vestiario, os equipamentos, as pallozas da época, etc”*.

En dito informe xustifícase a elección do procedemento como contrato menor con invitación directa a unha única entidade na declaración de deserto do Lote 7 correspondente ao contrato mixto de servizos e subministracións para a organización da V Romaría galaico-romana “Galaicoi” (exp. 2022/C004/000024) ao non presentarse ningunha proposición para o mencionado lote, referido á recreación histórica, e despois de tramitado contrato menor, cursando invitación a cinco entidades, sen que ningunha presentara oferta.

Con data 24/03/2022 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente (22.000 euros) na aplicación orzamentaria 430.22612 (Certámenes e festivais de turismo) baixo o epígrafe “RC aportación municipal Galaicoi”. Con data 5/05/2022 emítese novo documento de retención de crédito (60.000 euros) con cargo á mesma aplicación orzamentaria e baixo o epígrafe “RC complementario Galaicoi”.

Con data 6/07/2022 emítese informe conxunto polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local e pola coordinadora da ADL, no que consta que foi invitada a participar na presente licitación a **Asociación Cultural e de Promoción Turística Cohors III Lucensium**, que presentou a seguinte oferta:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Asociación Cultural e de Promoción Turística Cohors III Lucensium	7.000,00 €	7.000,00 €

formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente aos Servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico – romana “Galaicoi” (15, 16 e 17 de xullo de 2022) á Asociación Cultural e de Promoción Turística Cohors III Lucensium, con domicilio en rúa da Tinería, nº 17, 27001 Lugo, con CIF G27362771, no prezo ofertado de 7.000,00 € (actividade exenta de IVE en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido) por ser a entidade que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de

contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral de data 12 de xullo de 2022 contrario á tramitación do expediente, e mailo informe de fiscalización nº 300/2022 – REPARO 91 R emitido polo interventor municipal con data do 12 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con data 13 de xullo de 2022. Tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1296/2022 de 13 de xullo, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias do Concello en materia de información e promoción da actividade turística de interese e eido local e na promoción do deporte e ocupación do tempo de lecer, así como na promoción da cultura, de conformidade co estipulado no artigo 25.2. h), l) y m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1 da LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada e o documento de especificacións aplicables á contratación dos servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico - romana "Galaicoi", cun importe de licitación de 7.000,00 € (exenta de IVE, en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), xunto coa necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2022 430 22612.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000092 do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a os "Servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico-romana "Galaicoi" (15, 16 e 17 de xulo de 2022)" á **Asociación Cultural e de Promoción Turística Cohors III Lucensium**, con CIF G27469956 e domicilio en Ramelle nº 3, 27229 Friol (Lugo), no prezo ofertado de 7.000,00 € (actividade exenta de IVE en virtude do art. 20.14ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), por ser a única entidade que presentou oferta, atendendo ao único criterio de valoración establecido, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, José Luis González Cardalda, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, José Luis González Cardalda, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xullo de 2022 (CVD: 48/THrzyD5WcyOJ07mqx), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

5º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE “PRODUCCIÓN E CONTRATACIÓN ARTÍSTICA DO XXX FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2022”. EXPEDIENTE NÚM.: 2022/C004/000025

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2022 (CVD: IRQnUsl0EIhtKSY4gMa8), relativa á adxudicación do expediente núm. 2022/C004/000025 de “Producción e contratación artística do XXX Festival Rock in Cambre 2022””, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000025 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do servizo de “Producción e contratación artística do XXX Festival Rock in Cambre 2022”, cun valor estimado de 108.576,32 euros e un orzamento base de licitación de 108.576,32 euros sen IVE, 131.377,34 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na acta da Mesa de Contratación designada para o presente expediente, de data 13 de xuño de

2022, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación, a prol de "Alboroto Producciones, S.L.", por ser a oferta que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de sete días hábiles para presentar a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, éste achegou toda a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral con data 12 de xullo de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización con número 299/2022 emitido polo interventor municipal con data 12 de xullo de 2022.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 3 e 13 de xuño de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela aos seguintes licitadores por presentar os sobres ou arquivos electrónicos C: "Documentación administrativa, oferta económica e referencias valorables automaticamente", coas condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 13 e 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e as proposicións conforme aos modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP.

Alboroto Producciones, S.L.
Odaiko Krea, S.L.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 13 de xuño de 2022, inadmitir ao licitador "Lafarruca Produccións, S.L." ao non acreditar debidamente o cumprimento do requisito establecido no artigo 159.4 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para os procedementos abertos simplificados, segundo o cal o licitador debe atoparse rexistrado (ou presentar solicitude de inscrición) nun dos Rexistros contemplados no devandito artigo a data final de presentación de ofertas (2 de xuño de 2022), non resultando admisible, polo tanto, a documentación de corrección achegada pola empresa dado que na mesma consta que a solicitude de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o 7 de xuño de 2022, ás 14:51 horas.

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 13 de xuño de 2022, excluír a oferta presentada por "Gallalux Innovación, S.L.", ao non incluír o cartel artístico ofertado e con iso variar substancialmente o modelo de proposición do Anexo III do PCAP (Cláusula 16.2 do PCAP e artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións Pçpúblicas), impedindo coñecer e valorar se a oferta cumpre cos requisitos e obrigas

establecidos, entre outras, na Cláusula 3 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, na cal se esixe a contratación duns grupos determinados ou, en todo caso, de características similares.

Así mesmo, faise constar que non é posible outorgar un prazo de emenda ao licitador, dado que, ao coñecerse as ofertas presentadas polo resto de licitadores e a puntuación que lles corresponde a cada unha delas, a dita emenda suporía que “Gallalux Innovación, S.L.” podería modificar a súa oferta de modo substancial despois de presentada, o que é radicalmente contrario aos principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 13 de xuño de 2022, a seguinte valoración por orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas e admitidas no presente expediente, correspondente aos criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do PCAP, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas.

Licitador	Prezo ofertado (Ata 40 puntos)	Cartel artístico (Ata 50 puntos)	Tempo de resposta en caso de avaría (Ata 10 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
Alboroto Producciones SL	40 puntos	50 puntos	10 puntos	100 puntos
Odaiko Krea SL	38,54 puntos	50 puntos	3 puntos	91,54 puntos

Tendo en conta que segundo o disposto na Cláusula 16.3.2 do PCAP, consideraranse, en principio, como anormalmente baixas, as ofertas que se atopan nos supostos establecidos no artigo 85 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo o cal:

“2. Cuando concurren dos licitadores, la que sea inferior en más de 20 unidades porcentuales a la otra oferta.”

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 85.520,00 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por “Alboroto Producciones, S.L.” non se atopa incursa nesta circunstancia.

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 13 de xuño de 2022, adjudicar o contrato para o servizo de “Producción e contratación artística do XXX Festival Rock in Cambre 2022” do expediente 2022/C004/000025 a prol do licitador “Alboroto Producciones, S.L.” no prezo ofertado de 103.000,00 euros sen IVE, 124.630,00 euros IVE incluído, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 17 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de no prezo ofertado, no cartel artístico proposto (Los Zigarros, Los Peaweas, Dakidarría, Agoraphobia, Zenzar, Burning y Costas) e no tempo de resposta en caso de avaría en calquera tipo de incidencia durante o desenrolo da produción do evento (18 minutos).

Sexto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 LCSP) a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos (artigo 153.3 LCSP).

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

A formalización do contrato publicarase no Perfil de Contratante (artigo 154 LCSP) nun prazo non superior a 15 días. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, o licitador presentará, antes da sinatura do contrato, unha copia do Seguro de Responsabilidade Civil coas coberturas que se especifican en dita cláusula, ademais do último recibo de pago.

Sétimo: De conformidade coa cláusula 19.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designar ao responsable do contrato, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Con carácter previo ao inicio da execución da prestación, o responsable do contrato comprobará que constan no expediente os contratos formalizados, de acordo con a cláusula 17.1.11.2, así como que dispón dos seguros que resulten obrigatorios para a celebración do evento, de conformidade coa cláusula 23, e toda aquela documentación a que refírense as prescricións técnicas, entre ela, documentación orixinal ou copia cotexada de:

- Declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV, Inspección Técnica de Vehículo – escenario ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade asinado por técnico competente (certificado de revisión do vehículo – escenario conforme cumpre a normativa aplicable)
- Certificado de revisión de 2 extintores dispoñibles no escenario.

Así mesmo, o contratista achegará canta documentación e precisións sexan requiridas durante a execución do contrato polo Órgano de contratación ou polo Responsable do contrato.

Igualmente, no seu caso, previo inicio da execución da prestación, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do IAE que lle faculte para o seu exercizo no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto de Actividades Económicas.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), facéndolle saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 37.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_é.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2022 (CVD: IRQnUsl0EIHtKSY4gMa8), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo